

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 16/07/2018 9:39:14

SAIDA

9545/18

D. Miguel A Delgado González
(Plataforma en Defensa del Sector
Marítimo Pesquero de Galicia
PLADESEMAPESGA)
R/Juan Castro Mosquera nº28, 2º D.
15.005 A CORUÑA

Reclamante:

Expediente. Nº RSCTG 044/2018

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), mediante escrito do 30 de marzo de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

ANTECEDENTES

Primeiro. D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA), presentou mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 2 de abril de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información solicitada ao Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP)

O escrito viña acompañado de copia dunha folla na que figuran os datos do Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP), copia dunha folla dunha publicación da Asociación de Juristas de la Salud e escrito de solicitude á atención do responsable do Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP) da seguinte documentación: Informes, convenios ou contratos de carácter público que emanen da Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP), copias das auditorías realizadas e de cada un dos proxectos xustificadas que emanan da Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP) na Usc e na Xunta de Galicia, as subvencións e axudas públicas que consten no Centro de Estudios Cooperativos (CECOOP) con indicación do seu importe e obxectivo, os orzamentos, con descrición das principais partidas orzamentarias e información actualizada e comprensible sobre o seu estado de execución, as contas anuais e os informes de auditoría de contas e de fiscalización por parte dos órganos de control que se emitiron sobre o Centro de

Estudos Cooperativos, as retribucións percibidas anualmente polos altos cargos de administración, convidados oficiais, funcionarios públicos, declaración de ausencia de conflito de intereses que emanen da Centro de Estudos Cooperativos Informe xustificativo de recursos dedicados para o financiamento das campañas e recursos destinados ao CECOOP incluído o custo de dos servizos web financiados con fondos públicos, copia ou identificación do persoal público dependente do Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP) destinado a xestionar os seus fondos públicos e organizar actividades, copia ou informe dos convenios para o efecto.

Acompaña ademais o curriculum de D. Rafael Álvaro Millán Calenti.

Terceiro. Con data do 13 de abril de 2018, déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Rectorado da Universidade de Santiago de Compostela para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 20 de abril de 2018 e con data do 7 de maio a Secretaria da Universidade de Santiago de Compostela remite o Informe e expediente solicitado, no que en sínteses manifesta o seguinte:

Que con data do 6 de marzo de 2018 recíbese na Secretaría do Reitor un correo electrónico do reclamante no que solicita información de *"derecho público sobre subvenciones y actividades relacionadas con los servicios públicos que emanan del CECOOP, INIBIC, Centro La Milagrosa, UDC, USC, Asociación JURISTAS DE LA SALUD, Máster,s, Subvenciones o ayudas para Jomadas-foros-eventos relacionados con los hermanos Sr D. Rafael Álvaro Millán Calenti, Jefe de la Asesoría Jurídica del Sergas, Profesor de la USC. etc entre otras que se diran,"* que vai acompañado dun documento de nove páxinas con diversas peticións e consideracións.

A esta petición, con data do 19 de marzo de 2018, se lle remite un correo electrónico no que se lle indica que a solicitude de petición de datos ao amparo da Lei de Transparencia debe realizarse a través dos rexistros da USC ou de calquera outro contemplado na lexislación de procedemento administrativo, ou ben a través da Sede electrónica da Universidade, que debe acreditar documentalmente a súa representación e que das entidades e persoas citadas, a USC só ten relación coas referidas ao CECOOP e ao profesor D. Rafael Millán Calenti.

Con data do 19 de marzo de 2018, o Sr. Delgado González presentou no rexistro electrónico da USC, unha petición de dereito de acceso pola Lei de Transparencia, achegando como documento anexo as peticións e consideracións que considerou oportunas, nun documento dun total de 296 páxinas.

Por outra banda o Sr. Millán Calenti presentou escrito na USC, con data do 14 de marzo de 2018, no que solicitou que se lle dera traslado dos escritos que presente ou que poida presentar o Sr. Delgado González aos efectos de articular a defensa dos seus dereitos.

De acordo co disposto no artigo 19 da Lei 19/2013, déuselle traslado do texto da solicitude do Sr. Delgado González ao Sr. Millán Calentí, concedendo un prazo de quince días para que puidera presentar as alegacións, e suspendendo o prazo para ditar resolución ata que se recibiran as alegacións ou transcorrera o prazo para a súa presentación.

O Sr. Millán Calentí presentou as súas alegacións no rexistro da Xunta de Galicia con data do 10 de abril de 2018 (rexistro de entrada na USC de 12 de abril de 2018) no que sinala que presentou querela criminal por calumnias que se está a tramitar no Xulgado nº 1 de Santiago de Compostela, polo que solicita que calquera información se realice única e exclusivamente a través do requirimento do antecitado Xulgado.

Con data do 25 de marzo de 2018 remítese contestación sobre a solicitude de dereito de acceso do Sr. Delgado González no que se lle indica o seguinte:

Que D. Rafael Álvaro Millán Calentí mantén a súa relación coa USC mediante un contrato temporal a tempo parcial como profesor asociado da Universidades no departamento de Dereito Mercantil, non constando outro vínculo ni de forma persoal nin como representantes doutras entidades ou empresas. Como profesor asociado; realiza colaboracións co Centro de Estudos Cooperativos e pode realizar actividades esporádicas de investigación ao abeiro do artigo 83 da LOU. Non consta vinculación da USC con D. José Carlos Millán Calentí.

Remíteselle a seguinte documentación:

- Certificación automatizada dos informes proxectos e contratos realizados por D. Rafael Álvaro Millán Calentí ao abeiro do artigo 83 da Lei Orgánica de Universidades.
- Copia de todos os ingresos e gastos del CECOOP dende o ano 2013 ao 2017 con indicación do link no que figura a información institucional do CECOOP.
- Información sobre prazas en tramitación: se lle indica que pódese ver na web da USC, no apartado de "convocatorias" do Servizo de Planificación de Persoal Docente e Investigador, indicándolle o enlace.
- Outra información pública: se lle indica enlace a outra información pública (retribucións....)

No informe se sinala que a reclamación agora remitida parece dirixirse contra unha falta de contestación dun simple correo remitido ao Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), fronte o que se sinala que o CECOOP carece de personalidade xurídica polo que calquera petición debe dirixirse a Universidade de Santiago de Compostela e a través do sistema que se lle sinalou.

De acordo co anterior, a Universidade de Santiago de Compostela considera que se lle facilitou a documentación solicitada

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016 establece que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustándose a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

O artigo 24 da Lei 1/2016 reconece o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013 configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo calquera persoa, sen necesidade de que o solicitante estea obrigado a motivar a súa resolución, de acordo co disposto no artigo 26.4 da Lei 1/2016.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado se a resolución é expresa, ou dende o día seguinte ao que se deba entender desestimada por silencio administrativo negativo.

Quinto. Análise do expediente

Tal e como consta no informe e se acredita no expediente remitido pola Universidade de Santiago de Compostela, a petición de información pública, unha vez presentada de acordo coa normativa de procedemento administrativo, tramitouse correctamente: por parte da Universidade requiriuse ao interesado para que presentara a súa solicitude a través dos rexistros da Universidade ou da súa Sede electrónica e acreditara a súa condición de representante da asociación, trámites realizados polo interesado con data do 19 de marzo. O 22 de marzo de 2018, a Universidade comunica ao interesado a apertura do trámite de audiencia ao Sr. Millán Calenti con suspensión do prazo para resolver, de acordo co disposto no artigo 19.3 da Lei 19/2013, comunicándollo ao solicitante.

Unha vez finalizado o trámite anterior, mediante resolución do 23 de abril de 2018, a Universidade de Santiago de Compostela resolveu a solicitude de información pública remitindo ao interesado a información solicitada, segundo se acredita na copia do expediente remitido á Comisión.

O artigo 24 da Lei 19/2013, establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao disposto en materia de recursos, é dicir, ao disposto na vixente Lei de procedemento administrativo, Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O interesado presentou a súa reclamación por correo electrónico con data do 30 de marzo de 2018 (con entrada no Rexistro do Valedor do Pobo do 2 de abril), antes por tanto de que rematase o prazo do trámite de audiencia iniciado o 22 de marzo que se lle comunicou, e antes de que rematase o prazo para resolver. O artigo 124 da Lei 39/2015, establece que o recurso presentárase no prazo dun mes se o acto contra o que se reclama é expreso, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel no que, de acordo coa súa normativa, se produza o acto presunto. No presente caso, o interesado presentou a reclamación antes da finalización do prazo para resolver, polo que procede a inadmisión da reclamación, a estar presentada antes de finalización do prazo para resolver, non existindo por tanto acto susceptible de recurso, segundo dispón o artigo 116 c) da referida Lei.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


ACORDA

Único: Estimar por motivos formais a reclamación presentada por D. Miguel A Delgado González, en representación da Plataforma en Defensa del Sector Marítimo Pesquero de Galicia (PLADESEMAPESGA) do 30 de marzo de 2018, de solicitude de información relativa ao Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 27 de maio de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga